



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E OS COLEXIOS OFICIAIS DE GRADUADOS SOCIAIS DA CORUÑA E OURENSE, PONTEVEDRA E LUGO PARA O SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICO-LABORAL TRAMITADO COMO ANTICIPADO DE GASTO.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é consciente da realidade social e económica actual. Existen dificultades económicas, incertezas no mantemento do emprego, ERTES, salarios máis baixos e inquedanzas orixinadas polas continuas modificación de normativas no eido laboral que se traduciu nun incremento da conflitividade laboral.

A realidade socialdemográfica, no que se refire ó envellecemento da poboación, tamén produciu dúbidas e inquedanzas acerca do acceso a xubilación ou outros tipos de prestacións.

Para evitar estas situacións de incerteza e dúbida xorde nesta Consellería a necesidade do achegamento de información, orientación e asesoramento á cidadanía, e empregar como instrumentos especializados nesas actividades ós Colexios Oficiais de Graduados Sociais pola súa proximidade e pola súa especialización.

Por outro lado, o decreto 147/2024, do 20 de maio que establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece no capítulo III no correspondente á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, a atribución prevista no seu artigo 19 i) *A dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de relacións laborais, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, promoción do emprego de calidade e, en concreto, o exercicio de*



funcións en materia de lexislación laboral e en prevención de riscos laborais, e todas aquelas que como autoridade laboral debe desenvolver en virtude das competencias que lle corresponden á consellería". Polo que asume e considera prioritario o achegamento de todo o marco sociolaboral á cidadanía, especialmente a aquela que non dispón dos medios necesarios.

Os colexios oficias de Graduados Sociais son corporacións de dereito público, de carácter profesional, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Dentro das funcións dos colexios de graduados sociais, están as de exercer en cantas funcións lles sexan encomendadas pola Administración ou ben acorde realizar por propia iniciativa no seu ámbito de competencia e se caracterizan por ter un coñecemento e especialización nos ámbitos sociais e laborais da sociedade no seu conxunto.

Precisamente, a profesión de graduado social, ten varias vertentes relacionadas co dereito do traballo e da seguridade social, que abrangue diferentes actuacións en moitas materias.

Os colexios de graduados sociais contemplan reforzar e reorientar o Servizo de orientación xurídica laboral, que nalgún Colexio xa existía como proxecto piloto, baseado nun asesoramento acerca de todas aquelas cuestións do exercicio de graduados sociais , desde o tratamento e asesoramento de prestacións da Seguridade Social, despidos, reclamacións salariais, igualdade, mediación, estranxeiría etc...

Durante a anualidade 2021, ese servizo foi prestado en réxime de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e os Colexios Oficiais, sendo o seu resultado moi satisfactorio. Precisamente, esta execución deu lugar a que sexan estas corporacións as que asuman a prestación do servizo, a súa coordinación, deseño e desenvolvemento do obxecto do convenio. Nas anualidades 2022 ,2023 , 2024 e 2025 tramitáronse con éxito os convenios xa





en réxime de subvención, tanto que, o 08/10/2023 asinouse unha addenda que duplica a contía inicial , polo que na anualidade 2024 o convenio asinouse coa inclusión das novas contías, o mesmo para o convenio do ano 2025, e xa para a anualidade 2026 preténdese continuar coa actividade á vista do resultado satisfactorio das anteriores anualidades.

De acordo co artigo 36 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta subvención concédese de forma directa aos Colexios de Graduados Sociais u, por estar así previstas nominativamente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2026, polo que conforme ao artigo 37.2 do anterior Regulamento, o convenio será o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

Cómpre nesta anualidade 2026, que a cidadanía acceda a estes servizos máis aló da súa situación económica, e evitar dese xeito que por descoñecemento non poidan mellorar a súa situación asistencial ou mesmo, laboral.

A formulación do servizo gratuíto basearase nunha escala de ingresos segundo o IPREM , ofrecendo o servizo gratuíto a aquelas persoas sen recursos económicos suficientes.

Trátase de conseguir entre Xunta e Colexios oficiais asesoramento especializado e así constituír un servizo de interese público e social.

Dentro deste proxecto, os colexios asumirían o custe de espazos, gastos de persoal, material funxible e difusión, correspondendo á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración os custes dos honorarios de asesoramento a razón de 50 euros (50 €) por cada servizo prestado nas actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 15 de decembro de 2026.

Estes honorarios implican o seguinte procedemento:





Trámites coa cidadanía:

- 1-. O solicitanteponse en contacto co Colexio (telefónico o por correo electrónico), solicitando información do servizo.
- 2-. O persoal do Colexio, proporciónalle a información detallada, achegando ó solicitante por correo electrónico, o formulario que ten que enviar debidamente cuberto coa consulta que desexe formular ó profesional.
- 3-. Recibida a consulta na secretaría do Colexio, procédese a darlle entrada no Rexistro Xeral de Correspondencia.
- 4-. O persoal do colexio, examina a información recibida, e se o considera necesario, solicitará á persoa demandante do servizo, documentación complementaria para unha maior comprensión da consulta.
- 5-. Dixitalización de toda a información achegada pola persoa demandante do servizo.

Trámites co/coa profesional:

- 1-. Achégase ó/á profesional que corresponda por quenda, a consulta formulada, así como o resto da documentación, achegada polo/a cidadán.

A partires de aquí, existen dous opcións:

a) O/a profesional **rexeita** o servizo: Neste caso volveríase a repetir o punto 1 de este apartado, volvendo a achegar toda a documentación ó/á seguinte profesional e así sucesivamente.

b) O/a profesional **acepta** o servizo:

1) O/a profesional achega ó Colexio a aceptación indicando día e hora na que se atenderá á persoa solicitante.

2) O persoal do Colexio porase en contacto por correo electrónico do/a solicitante, para confirmarlle día e hora en que será atendido/a pola/o



profesional, indicándolle o seu nome. No caso de non ter contestación, desde o Colexio chamaráselle reiteradamente ata conseguir contactar e confirmar a cita co/coa profesional.

3) Chegado o día, o/a graduado/a social, prestará o asesoramento á persoa solicitante. (O colexio xestiona o contacto entre o/a profesional e o/a solicitante).

Finalización do servizo:

1-. Unha vez realizado o servizo, o colexio efectúa un seguimento sobre a calidade do mesmo, contactando coa persoa solicitante.

2-. Finalmente, o colexio elabora un informe trimestral para o estudo e valoración do servizo de orientación.

Todo ese procedemento estímase nunha media de 5 horas por parte do persoal do Colexio e o/a profesional que atendera o servizo por cada solicitante.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a través da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais colaborará coa cantidade máxima de 30.000 €, distribuído do seguinte xeito:

- Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense: 10.000 €
- Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra: 10.000 €
- Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo: 10.000 €

Polo que o obxecto do presente convenio, que se somete á informe desa asesoría xurídica, é establecer as condicións polas que se rexerá esta colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e os Colexios Profesionais de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, Pontevedra e Lugo para o establecemento, dun servizo de orientación xurídico-laboral gratuito para a cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2026,



senalando o carácter non contractual da actividade en cuestión, en cumprimento do artigo 50.1 da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público.

Dito convenio formalizase baixo o disposto no parágrafo primeiro da Resolución do 8 de abril de 1991, na que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de colaboración con particulares e con outros entes públicos.

As entidades beneficiarias deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e estarán suxeitas ao cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura electrónica

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

Pablo Fernández López

